

ENTRAÑADA

Houbo que agardar sete anos para que Olga Novo nos agasallase cunha nova mostra do seu quefacer poético: *A cousa vermella*, se ben neste intervalo cronolóxico soubemos do seu labor constante a través dos poemas que fan parte do libro de artista *Magnalia* e tamén dos publicados en varias revistas (como a serie “Amar é unha India”). Todos eles aparecen recollidos en *A cousa vermella* que se converte na terceira obra da autora, tras de *A teta sobre o sol* e *Nós nus*, onde xa alicerzara unha voz singular no panorama galego da actualidade. Agora tripa de novo a autora as terras da vivencia erótica e amorosa que devén en tema axial dos versos pois “Tódolos eclipses estarán dedicados a ti de aquí en diante/ porque o meu amor é central coma un monumental óso da froita” e a partir del emerxen outras temáticas que se ramifican en toda a obra sempre enlazadas á peculiar maneira de entender o verso que identifica á poeta. Deste xeito, a carón dunha voz identificada como muller ditosa que vive o gozo da paixón, atopamos a busca dunha linguaxe que sexa quen de expresar o intenso vivir (“lingua poro melómana do silencio/ coma ti ninguén di o que non foi creado para ser visto nin oído”) pero non falta a crítica social (como en “A espera” ou nos dous poemas de “Marea negra marea branca”) e a constante presenza dos elementos naturais básicos, principalmente nos textos que compoñen a serie *Magnalia* (dedicados á auga, terra, fogo, ar e éter) pero tamén no resto do libro. Outravolta, o telurismo convértese en risco esencial do particular idiolecto da poeta desde a comunión íntima que acadan muller e natureza. Deste xeito, o perpétuo cambio que esta última experimenta tamén afecta ó ser que a habita e que exclama “non sei cómo sería se lograse unha voz semellante/ a unha flor intacta de cerdeira.// nin se fose capaz de comunicarme a través da fariña/ e do bulleiro”. Así pois, cos seus versos Olga Novo constrúe un hábitat propicio á experiencia vital dun eu lírico que é quen de entrañar a mutabilidade do entorno para, interiorizándoa, acoplarse ó seu ritmo e entrar nos seus segredos. Pero, a un tempo, o eu afírmase na súa individualidade como ente que ama, sofre, observa e fala desde unha expresión extremada que converte á súa vivencia particular en mensaxe colectiva, voz das súas antepasadas, desas “trinta xeracións de meu analfabetas”. A diferenza delas, “eu/ estou aprendendo a ladrar” como un ser á intemperie que leva unha marca indeleble: a “cousa vermella” de quen vive no interior con todas as portas abertas e se afirma muller e sangra con “esta cousa vermella que se fuga do seu centro e xa non é brasa” senón turbillón de versos, palabra da tribo, en definitiva, mensaxe da entraña.

TERESA SEARA